



NINGUÉN NACE APRENDIDO

## “A PALABRA EN ACCIÓN”

### Taller de palabra

Impartido por Vicente Fuentes

Do 4 ao 8 de xuño de 2018. De 10.00 a 15.00 h

Salón Teatro. Santiago de Compostela

Partindo do traballo da palabra que vén desenvolvendo ao longo da súa traxectoria profesional en centros como a Compañía Nacional de Teatro Clásico, o Teatro de La Abadía e a RESAD de Madrid, Vicente Fuentes ofrecerá á actriz/actor unha serie de exercicios que lle permitirán un uso máis elocuente, eficaz e virtuoso do texto, traballando con elementos como a conexión entre o impulso e a respiración, a articulación e a entoación, os portadores de sentido, a visualización, as sensacións e os mecanismos de acción-reacción, tendo sempre a palabra como foco.

Este taller está polo tanto orientado a todas aquelas persoas interesadas en desenvolver unha meirande destreza no manexo da fala escénica.

Acompañará a Vicente Fuentes Rosa Moledo, en calidade de asesora lingüística para a lingua galega.

#### VICENTE FUENTES

Vicente Fuentes cursou estudos con Roy Hart (pasando a formar parte do Roy Hart International Center en Francia) e en Stratford con Cicely Berry (directora vocal da Royal Shakespeare Company). É doutor pola Universidade de Alcalá en Teoría, Historia e Práctica do Teatro; catedrático emérito de Voz e Linguaxe da RESAD, e asesor de Verso da Compañía Nacional de Teatro Clásico, onde tamén forma parte do laboratorio para a formación dos novos actores de La Joven.

Traduciu e adaptou ao castelán dous libros fundamentais da súa mestra Cicely Berry: *La voz y el actor*, publicado por Alba, e *Texto en acción*, xunto co equipo de Fuentes de la Voz, aparecido en Fundamentos. Desde 2013 combina os seus labores didácticos e de investigación co seu propio proxecto, o centro de estudos e investigación Fuentes de la Voz.

#### ROSA MOLEDO

Especialista en tradución audiovisual, ten no seu haber numerosos traballos tanto para televisión como para cine, entre os que destacan *Fisterra*, *Sei quen es*, *A lingua das bolboretas*, *Lena*, *Os luns ao sol*, *O misterio Galíndez*, *13 Badaladas*, *O lapis do carpinteiro*, *O ano da carracha*, *Abrigate*, *Agallas*, *Conexións*, *Cela 211*, *Engurras*, *O sexo dos anxos*, *A árbore magnética*, *Somos xente honrada*, *Os Fenómenos* ou *O noso último verán en Escocia*. É tamén asesora e supervisora lingüística en numerosas sesións de dobraxe para televisión e cine, así como na rodaxe de diversos programas de entretemento e series televisivas, como é o caso de *Fariña*.

#### INFORMACIÓN ÚTIL

##### Prazas

25 + ovintes (prazas limitadas)

25 actrices/actores profesionais ou con formación actoral previa

**Ovintes:** Estudantes ou profesionais de todos os ámbitos das Artes Escénicas

##### Lugar e horario

Salón Teatro, Rúa Nova 34 15705 Santiago de Compostela

De 10.00 a 15.00 h

### Total sesións e horas

5 sesións. Total 25 horas

### Selección

Mediante C.V.

Os solicitantes deberán enviar o seu curriculum debidamente actualizado a [centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal) co asunto Taller CDG de Palabra.

### Prezos

95 € para participantes

60 € para participantes membros da AAAG e da asociación de Artistas de Circo / estudantes / desempregados

45 € para ouvintes

### Prazo de recepción de solicitudes

Do luns 7 ao domingo 13 de maio

### Publicación da lista provisional de participantes

A partir do luns 21 de maio na web do CDG ([www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal))

### Publicación da listaxe definitiva de participantes

A partir do venres 25 de maio na web do CDG ([www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal))

Só serán avisadas por correo electrónico as persoas seleccionadas como participantes e as que estean incluídas na listaxe de espera.

### Formalización de matrícula

Do 21 ao 24 de maio

As persoas seleccionadas deberán ingresar o importe correspondente en Abanca na conta núm. ES66 2080 0388 2531 1000 2055 baixo o concepto Taller CDG de Palabra.

Para asegurar a praza nos talleres, cumprirá realizar o ingreso dentro do período establecido, e remitir o xustificante bancario do ingreso a [centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal). De non facerse, a praza será ocupada pola seguinte persoa na listaxe de espera.

### + información

Tel. 881 867 229 de 9.00 a 14.00 h

[centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal)

### CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

[centro.dramatico.galego@xunta.es](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.es)

[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)

[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/centrodramatico)



NINGUÉN NACE APRENDIDO

## “A PALABRA EN ACCIÓN” Taller de palabra

Do 4 ao 8 de xuño de 2018. De 10.00 a 15.00 h  
Salón Teatro. Santiago de Compostela

### FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos	<input type="text"/>
DNI / Pasaporte	<input type="text"/>
Data e lugar de nacemento	<input type="text"/>
Teléfono / móbil	<input type="text"/>
Correo-e	<input type="text"/>
Dirección postal	<input type="text"/>
Observacións	<input type="text"/>

A presente inscrición no taller "A palabra en acción" ten un custo de (marcar o que corresponda):

- 95 € para participantes
- 60 € para participantes membros da AAAG ou da asociación de Artistas de Circo / estudantes / desempregados (é necesario acreditar a condición)
- 45 € para ouvintes

a ingresar en Abanca na conta nº ES66 2080 0388 2531 1000 2055 baixo o seguinte concepto: "Taller CDG de Palabra". Cómpre remitir este formulario debidamente cuberto, xunto co xustificante bancario do ingreso, ao correo electrónico [centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal) ata o xoves 24 de maio.

#### CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 881 867 229  
[centro.dramatico.galego@xunta.es](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.es)  
[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)  
[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)  
 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)  
 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)  
 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)

